

ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL A ROLADA, CURSO 2021-2022

DECLARACIÓNS RESPONSABLES E CONSENTIMENTO CONFORME CO ESTABLECIDO NO PLAN DE ACCIÓN E CONTINXENCIA DURANTE A PANDEMIA DA COVID-19 NA EIM A ROLADA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (NAI/PAI/TITOR/A):

Nome e Apelidos _____

DNI _____ con domicilio en _____

—
como nai, pai ou titor/a da crianza _____

En relación coa participación na Escola Infantil Municipal A Rolada para o curso escolar 2021-2022 e tendo en conta as disposicións aplicables:

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONDICIÓN DE SAÚDE:

Declaro que ningún membro da unidade familiar, nin ningunha das persoas autorizadas para a entrega e recollida das crianzas usuarias da Escola infantil Municipal A Rolada para o curso escolar 2021-2022 tiveron síntomas identificables coa enfermidade COVID-19 durante os últimos 14 días.

Declaro que ningún membro da unidade familiar, nin ningunha das persoas autorizadas tiveron contacto estreito ou non gardou a distancia interpersonal de seguridade con convivintes, familiares ou calquera persoa con diagnóstico confirmado ou probable de enfermidade COVID-19 durante os últimos 14 días.

Declaro que en caso de presentarmos algún síntoma compatible coa enfermidade COVID-19 seguiremos as directrices das autoridades sanitarias, non acudindo á escola e avisando á persoa responsable da mesma coa maior brevidade posible, e asumimos o compromiso de comunicar inmediatamente calquera circunstancia que poida acaecer ao longo do presente curso 2021-2022 a este respecto.

Declaro o noso compromiso de tomar a temperatura ao noso/a fillo/a diariamente no domicilio, e que o menor non será enviado á escola sempre que supere a temperatura de 37,5º, ou presente sintomatoloxía aguda relacionada co Covid -19.

Asemade, no suposto que á crianza se lle detectase febre ou outros síntomas compatibles coa COVID-19 durante o horario de permanencia na escola, comprométome a acudir a súa recollida na maior brevidade de tempo, para o que estarei localizable en todo momento.

Declaro, no caso de pertencer a nosa crianza a un grupo vulnerable fronte á COVID-19 (isto é, aquela con enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, diabetes, inmunodepresión, cancro en fase de tratamento activo), que somos conscientes de que tras unha infección por este virus, as manifestacións da enfermidade poden ser máis severas que noutras persoas de grupos non considerados vulnerables.

Por último, declaro que aplicaremos e cumpriremos en todo momento as normas, disposicións e recomendacións relativas á seguridade, hixiene e prevención recollidas no Plan de acción, especificamente á hora da entrega e recollida das crianzas da escola.

DECLARACIÓN DE QUE LIN A INFORMACIÓN PROPORCIONADA POLA ENTIDADE RESPONSABLE SOBRE O PLAN DE ACCIÓN CONTRA A COVID-19:

Declaro que recibín e lin a última versión do Plan de acción e continxencia durante a pandemia da Covid-19 na Escola Infantil Municipal A Rolada, entregado por parte da entidade responsable, e que polo tanto, teño coñecemento pleno das medidas e procedementos que propón.

Declaro que recibín e lin o protocolo de actuación fronte a aparición de persoas con sintomatoloxía, recollidas no Plan de acción e continxencia durante a pandemia da COVID-19 na Escola Infantil Municipal A Rolada do Concello de San Sadurniño.

CONSENTIMENTO INFORMADO SOBRE A COVID-19:

Declaro que, logo de recibir e ler atentamente a información contida nos documentos anteriores, son consciente dos riscos que implica, para a crianza usuaria e para as persoas que conviven con ela, a asistencia ao recurso no contexto da crise sanitaria provocada pola COVID-19 e o asumo baixo a miña propia responsabilidade.

San Sadurniño, ____ de _____ de 2021.

Sinatura do proxenitor/a 1, titor/a
ou representante legal:

Sinatura do proxenitor/a 2, titor/a
ou representante legal:

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle que o responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, con enderezo en O CASAL, 16, 15560, SAN SADURNIÑO (A CORUÑA). Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado e a xestión administrativa derivada da prestación do dito servizo. Os datos non se cederán a terceiros, salvo por obriga legal. Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, así como opoñerse, retirar o consentimento ou solicitar a súa portabilidade en calquera momento. Para isto, o CONCELLO DE SAN SADURNIÑO dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade. Pode consultar a información adicional e detallada sobre Protección de Datos solicitándoa por correo electrónico: correo@sansadurnino.gal.